



ANPA ARCE IESP NEIRA VILAS  
[anpaneiravilas@gmail.com](mailto:anpaneiravilas@gmail.com); 881 88 08 58

## FICHA DE SOCIAS/OS DA ANPA (UNHA FICHA POR CADA ALUMNA OU ALUMNO)

**COTA ANUAL: 20€ (5 euros mais por cada filla/o a maiores)**  
**CONTA DE PAGO: ES79 1465 0240 1119 0032 3789 ING DIRECT**  
**DATA TOPE DE INSCRIPCIÓN: 31.12.2018**

Esta ficha e o xustificante de pago deberanse depositar na caixa do correo da ANPA situada na entrada principal do instituto á man esquerda ou enviarse ao enderezo electrónico:  
[anpaneiravilas@gmail.com](mailto:anpaneiravilas@gmail.com)

APELIDOS E NOME DE NAI /TITORA:	
APELIDOS E NOME DE PAI /TITOR:	
TELÉFONOS:	CURSO:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:	
APELIDOS E NOME DO ALUMNA/O:(Obrigatorio: este dato debe aparecer no xustificante de pago)	

Según o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros da ANPA Arce IESP Neira Vilas para as xestións propias da entidade, non sendo cedidas a ningunha outra. En calquera momento, poderá exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, recificación e oposición comunicándoo a través dun escrito enviado ao correo electrónico [anpaneiravilas@gmail.com](mailto:anpaneiravilas@gmail.com) ou depositándoo no buzón da ANPA.



ANPA ARCE IESP NEIRA VILAS  
[anpaneiravilas@gmail.com](mailto:anpaneiravilas@gmail.com); 881 88 08 58

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2018-2019

**HORARIO: Xoves de 16:15 a 17:45**  
**ACTIVIDADES (a escoller unha delas):**

**Robótica: 25 euros/mes**  
**Xadrez: 20 euros/mes**  
**English Club: 20 euros/mes**  
**Técnicas de Estudio: 20 euros/mes**  
**Iniciación ao Iudo e á Defensa Persoal: 20 euros/mes**

Os prezos indicados son para socios, os NON SOCIOS pagarán o dobre.  
No caso de non cubrir as prazas mínimas as actividades poderán ser canceladas.  
A folla de inscrición poderase recoller ao comezo do curso nas mesas preto da porta principal ou descargala da páxina WEB.

Para máis información páxina WEB do instituto (<http://iesneiravilas.es>) no apartado da ANPA.

## DECÁLOGO DO INTERCAMBIO DE LIBROS

- 1.- O intercambio de libros é un acto totalmente voluntario e formarán parte todas as familias que doen os seus libros.
- 2.- Doar os libros da dereito a participar no intercambio, pero **non garante** que todo o mundo reciba os libros solicitados, xa que isto dependerá das existencias que haxa no fondo de libros. **Ser socio ou socia da ANPA favorecerá no reparto.**
- 3.- A final de curso recolleranse os libros prestados e as solicitudes para o curso seguinte, e no mes de setembro farase o reparto e a entrega física. Os alumnos que teñan materias para recuperación en setembro entregarán os libros das materias aprobadas en xuño e os libros das que quedan para setembro despois dos exames de setembro, antes de proceder ao reparto. **As datas de recollida e entrega física publicaranse previamente na páxina web** do centro no apartado da ANPA (novas) na seguinte ligazón: <https://iesneiravilas.es/category/anpa/>
- 4.- O alumno que envíe a outra persoa a recoller os seus libros, que non sexa a nai, o pai ou o titor legal, deberá de proporcionarlle unha **autorización por escrito**.
- 5.- Cando o alumno precise quedarse con algún libro ata a convocatoria do mes de setembro deberán de comunicarllo á ANPA. Farao persoalmente, ou no seu defecto os seus pais ou o seu titor legal, nas oficinas da ANPA a final de curso, cando devolva os libros que xa non precisa.
- 6.- Ningún alumno poderá prestar ningún libro do fondo nin a outro alumno, nin a outro membro da súa familia. **O préstamo e persoal e intransferible.** Os libros prestados deberán volver ao fondo da ANPA cada curso, para que se poida facer un reparto xusto.
- 7.- **O alumno que non devolva algún libro, ou teña débedas pendentes coa ANPA, causará baixa na participación do intercambio.**
- 8.- Os libros deben forrarse, indicarse o nome nunha “pegatina” na portada exterior, deben coidarse, e non deben pintarse nin con bolígrafo, nin rotulador, nin marcador fluorescente. Recordade que son de todos e que despois outro alumno fará uso deles.
- 9.- O alumno que **non veña a recoller os libros** que lle correspondan nas datas que se indican e non avise a ANPA a través do enderezo electrónico, ou de algún outro xeito, **perderá o seu dereito a dispoñer deles.**
- 10.- Calquera necesidade extraordinaria que non se axuste as normas descritas anteriormente, deberá solicitarse por escrito e estudarase por separado. Tratará de darselle solución en función dos medios dispoñibles, sen que vaian en detrimento dos demais usuarios.

A xunta directiva

ANPA Arce do IESP Xosé Neira Vilas

[anpaneiravilas@gmail.com](mailto:anpaneiravilas@gmail.com)